



Confederación Intersindical Galega

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

*IV CONVENIO DE TELEMÁRketing*

*Comunicado nº 2*

## Con despedimentos non é posible negociar o Convenio

Ao longo deste mes de marzo, os **compañeiros e compañeiras da empresa Atento de A Coruña** veñen mantendo unha exemplar loita en defensa dos seus postos de traballo, despois de que esta filial do Grupo Telefónica despedira a 179 persoas. O pasado **23 de febreiro máis de 5.000 persoas asistiron á manifestación** convocada na Coruña para solicitar a readmisión do persoal despedido e contra a deslocalización do sector, na maior mobilización da historia do Telemárketing en Galiza.

Ante a celebración da reunión do Convenio prevista para o día 28, o **Comité de empresa** –integrado por **CIG, CGT, CCOO e UGT**– **aprobou por unanimidade solicitar a todos os sindicatos presentes na Mesa negociadora que paralizásemos a negociación**, en tanto non foran readmitidas as persoas afectadas polos despedimentos en todo o Estado.

**Dende a CIG apoiamos a proposta do Comité de empresa de Atento**, postura que anunciamos á patronal e ao resto da representación sindical. Entendemos que con máis de **800 despedimentos colectivos no sector nos últimos quince días**, a **patronal pretende chantaxear á representación sindical e ao persoal para que aceptemos rebaixar as xa precarias condicións laborais do Convenio**.

O **resto dos sindicatos asistiron á Mesa** sen atender a petición do Comité de empresa de Atento e **tiveron que escoitar á patronal rexeitar as diferentes Plataformas sindicais alegando que ante a deslocalización só cabe unha rebaixa de custes** para manter o emprego, o que nos reafirma na nosa posición.

As empresas de telemárketing **deslocalizan cara América Latina, países nos que os teleoperadores e teleoperadoras cobran un terzo do noso salario**. Está claro que non podemos competir fronte á deslocalización permitindo que empeoren as nosas condicións laborais: **aquí non podemos vivir cobrando 200 euros ao mes**.

O ano pasado 700 persoas perderon o seu posto de traballo en Galiza pola deslocalización da operadora Jazztel; hoxe 2.000 postos máis están en perigo no sector de telemárketing en Galiza debido a deslocalización do Grupo Telefónica.

**Ou freamos esta tendencia coa mobilización e a loita de todo o sector, na procura dun Convenio que garanta os postos de traballo, ou máis cedo que tarde, deslocalizar será unha clara opción para o resto das operadoras de telefonía que teñen contratas de telemárketing en Galiza.**

Galiza, 30 de marzo de 2007